



Información xeral

Proba para a obtención do título de bacharel para maiores de vinte anos

Curso 2022-2023

Sumario

1	Introdución.....	3
2	Normativa.....	3
3	Regulamento da proba.....	4
	Quen se pode presentar.....	4
	Como é a proba.....	4
	Como se cualifica.....	7
	Superación da proba.....	7
	Cando se convoca e celebra a proba.....	8
	Que estudos anteriores son homologables para esta proba.....	8
	Que valor teñen as cualificacións obtidas nesta proba.....	11
4	Contidos da proba.....	11
5	Publicación dos resultados e reclamacións.....	11
6	Máis información.....	12



1 Introducción

O título de bacharel dá acceso ás ensinanzas de formación profesional de grao superior e ás ensinanzas universitarias.

Para as persoas adultas, este título é un obxectivo importante desde o punto de vista da súa mellora e do seu perfeccionamento persoal, e tamén desde o punto de vista das posibilidades de conseguir un emprego mellor. Entre outras cousas, é condición indispensable para acceder a moitos postos de traballo convocados polas administracións públicas.

Aínda que existe en Galicia unha oferta ampla de ensinanzas presenciais, semipresenciais e a distancia a través das que as persoas adultas poden conseguir o título de bacharel, a proba é tamén un camiño que poden escoller moitas persoas para conseguir directamente o seu título.

A continuación, inclúese unha información básica sobre as características das probas, para servir de orientación a todas as persoas interesadas en presentarse a elas.

2 Normativa

- A proba para a obtención do título de bacharel está prevista no artigo 69.4 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificado posteriormente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Na Comunidade Autónoma de Galicia, esta proba está regulada pola Orde do 22 de decembro de 2016, publicada no Diario Oficial de Galicia do 5 de xaneiro de 2107 pola que se modifica a Orde do 10 de febreiro de 2012, publicada no Diario Oficial de Galicia do 21 de febreiro de 2012.
- Anualmente publícase no DOG unha resolución que convoca a proba e na que se recollen as instrucións para a súa realización. A última publicada é a Resolución do 17 de febreiro de 2022 (DOG do 25 de febreiro)



3 Regulamento da proba

Quen se pode presentar

Pódense presentar a esta proba todas as persoas que cumpran vinte anos ao longo do ano en que se celebre.

Non se poderán presentar as persoas que estean matriculadas no bacharelato, por algunha das modalidades polas que se imparte (presencial, semipresencial ou telemática) ou que estivesen matriculadas nel o mesmo curso escolar de celebración da proba.

Como é a proba

A proba organízase de xeito diferenciado segundo as distintas modalidades de bacharelato.

A proba consta de dous exercicios, o primeiro deles dedicado ás materias de Lingua Galega e Literatura I e II e ás materias xerais do bloque de materias troncais comúns a todas as modalidades. O segundo exercicio comprenderá as materias xerais do bloque de materias troncais propias de cada modalidade e itinerario elixidos e as materias troncais de opción.

Os contidos dos exercicios terán como referente os aspectos básicos do currículo recollido no **Decreto 86/2015**, do 25 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Primeiro exercicio: materias de Lingua Galega e Literatura I e II e materias xerais do bloque de materias troncais comúns a todas as modalidades.

O primeiro exercicio terá unha duración de cinco horas e trinta minutos. Nel valorarase a madurez intelectual e a formación xeral da persoa aspirante naquelas competencias que favorecen a aprendizaxe ao longo da vida. Será común para as diferentes modalidades e estrutúrase en catro partes:

1.1. Primeira parte. Lingua Galega e Literatura



- Resposta a unha serie de cuestións nas que se valorarán as habilidades e destrezas de expresión e comprensión e as capacidades de reflexión sobre aspectos lingüísticos, de interpretación crítica de textos e de análise e recoñecemento das características textuais.
- Resposta a unha serie de cuestións sobre movementos literarios, obras e autores relevantes da literatura galega, nas que se valorarán as capacidades de comparación, interpretación e valoración crítica da persoa aspirante.

1.2. Segunda parte. Lingua Castelá e Literatura

- Resposta a unha serie de cuestións nas que se valorarán as habilidades e destrezas de expresión e comprensión e as capacidades de reflexión sobre aspectos lingüísticos, de interpretación crítica de textos e de análise e recoñecemento das características textuais.
- Resposta a unha serie de cuestións sobre movementos literarios, obras e autores relevantes da literatura en lingua castelá, nas que se valorarán as capacidades de comparación, interpretación e valoración crítica da persoa aspirante.

1.3. Terceira parte. Lingua Estranxeira: inglés ou francés

Esta parte consta de dous exercicios:

- A partir dun audio ou audios propostos, a persoa aspirante deberá demostrar as súas capacidades de comprensión oral na lingua obxecto de exame que poderá ser inglés ou francés.
- A partir dun texto ou textos propostos, a persoa aspirante deberá demostrar as súas capacidades de comprensión e expresión escritas na lingua obxecto de exame que poderá ser inglés ou francés.

1.4. Cuarta Parte. Exame combinado das materias de Filosofía e Historia de España.

Exame combinado das materias de Filosofía (correspondente a 1º de Bacharelato) e Historia de España (correspondente a 2º de Bacharelato). A persoa aspirante responderá por escrito unha serie de cuestións relativas aos contidos das materias de Filosofía e Historia de España.



2. Segundo exercicio. Materias xerais do bloque de materias troncais propias de cada modalidade e itinerario elixidos e materias de opción do bloque de materias troncais.

O segundo exercicio será diferente para cada unha das modalidades e itinerarios elixidos e terá unha duración de catro horas. Avaliará o logro dos obxectivos propios do bacharelato e a adquisición das destrezas básicas das materias da modalidade, como a comprensión de conceptos, o manexo da linguaxe científica, a resolución de problemas e a capacidade de analizar, relacionar e sintetizar.

Versará sobre as materias xerais do bloque de materias troncais propias de cada modalidade e itinerario elixidos e as materias troncais de opción establecidas nos artigos 30.1 e 2 e 31.1 e 2 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Este exercicio comprenderá tres partes.

2.1. Primeira parte. Materias xerais do bloque de materias troncais propias da modalidade e itinerario elixidos.

A primeira parte estará dedicada a realizar os exames correspondentes ás materias xerais do bloque de materias troncais propias da modalidade e itinerario elixidos, isto é:

- i. Matemáticas I e II na modalidade de Ciencias.
- ii. Latín I e II na modalidade Humanidades e Ciencias Sociais, itinerario de umanidades.
- iii. Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I e II na modalidade Humanidades e Ciencias Sociais, itinerario de Ciencias Sociais.

2.2. Segunda e terceira parte. Outras catro materias de opción do bloque de materias troncais.

Nestas partes da proba, a persoa aspirante realizará o exame doutras catro materias de opción do bloque de materias troncais da modalidade elixida, que escollerá de acordo coas opcións que se sinalan nos cadros seguintes:



MODALIDADE DE CIENCIAS	
Parte 1	Matemáticas (I e II)
Parte 2: unha destas tres opcións	Física e Química e Física
	Física e Química e Química
	Debuxo Técnico (I e II)
Parte 3: unha destas dúas opcións	Biología e Xeoloxía e Biología
	Biología e Xeoloxía e Xeoloxía

MODALIDADE DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS		
	ITINERARIO DE HUMANIDADES	ITINERARIO DE CIENCIAS SOCIAIS
Parte 1	Latín (I e II)	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais (I e II)
Parte 2: unha destas tres opcións	Historia do Mundo Contemporáneo e Xeografía	
	Economía e Economía da Empresa	
	Grego (I e II)	
Parte 3: só esta opción	Literatura Universal e Historia da Filosofía	

Como se cualifica

Para aprobar o primeiro exercicio deberanse obter 5 puntos na súa cualificación global e acadar unha puntuación mínima de 4 puntos en cada unha das súas partes.

Para aprobar o segundo exercicio deberanse obter 5 puntos na súa cualificación global e acadar unha puntuación mínima de 4 puntos en cada unha das súas partes.

A cualificación de cada unha das partes dos exercicios será numérica, entre un e dez, sen decimais. A nota do exercicio será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes.

Superación da proba

A proba considerarase superada cando se superen os dous exercicios que a compoñen.

A nota media de bacharelato daquelas persoas que superen a proba será a media aritmética das puntuacións dos dous exercicios.



Cando se convoca e celebra a proba

Anualmente a Dirección Xeral de Formación Profesional publica unha Resolución na que se sinalan as datas e o lugar de celebración da proba. Esta resolución, así como toda a información asociada, poderá consultarse no portal educativo da Xunta de Galicia, no enderezo web <http://www.edu.xunta.gal/portal/ea/>.

Para este ano 2023 o lugar de celebración da proba será o IES San Clemente de Santiago de Compostela, rúa San Clemente s/n, teléfono 881867501.

A inscrición na proba pode realizarse nos seguintes centros:

- EPAPU Eduardo Pondal, A Coruña, r/ da Educación 3, tel. 881 960901.
- IES San Clemente, Santiago de Compostela, r/ San Clemente s/n, tel. 881867501.
- EPAPU Albeiros, Lugo, parque da Milagrosa s/n, tel. 982828106.
- EPAPU de Ourense, Ourense, r/ Álvarez de Sotomayor 4, tel. 988243834.
- EPAPU Río Lérez, Pontevedra, Avda. de Bos Aires s/n, tel. 886159421.
- EPAPU Barbés, Vigo, r/ Marqués de Valterra, 8, tel. 886110976.

Que estudos anteriores son homologables para esta proba

As persoas aspirantes poderán solicitar a validación dos exercicios da proba de acordo co establecido no artigo 13 da Orde do 22 de decembro de 2016, que modifica a Orde do 10 de febreiro de 2012, pola que se regula a proba para a obtención do título de bacharel para persoas maiores de vinte anos na Comunidade Autónoma de Galicia.

As materias que é necesario ter superadas para a validación de cada un dos exercicios resúmense no seguinte cadro.

Primeiro exercicio: Lingua Galega e Literatura I e II e materias troncais xerais	
Materias xerais superadas no bacharelato	Validación na proba
Lingua Galega e Literatura I e II	Primeiro exercicio
Lingua Castelá e Literatura I e II	
Primeira Lingua Estranxeira I e II	
Filosofía	
Historia de España	

Segundo exercicio: materias troncais, xerais e de opción, propias de cada modalidade.						
(As persoas aspirantes que teñan superada unha materia doutra modalidade diferente á elixida deberán ter superadas dúas materias de 2º curso da modalidade elixida).						
HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS		CIENCIAS		ARTES		
Materias superadas		Validación na proba	Materias superadas	Validación na proba	Materias superadas	Validación na proba
As materias troncais xerais propias da modalidade e itinerario elixidos:		Segundo exercicio	As materias troncais xerais propias da modalidade:	Segundo exercicio	As materias troncais xerais propias da modalidade:	Segundo exercicio
HUMANIDADES	CIENCIAS SOCIAIS					
-Latín I e II	-Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I e II		-Matemáticas I -Matemáticas II		- Fundamentos da Arte I - Fundamentos da Arte II	
<i>E catro destas materias (dúas de primeiro curso e dúas de segundo curso. *De segundo curso, obrigatoriamente, deberase ter superada a materia de Historia da Filosofía):</i>			<i>E catro destas materias (dúas de primeiro curso e dúas de segundo curso):</i>		<i>E catro destas materias (dúas do primeiro curso e dúas do segundo curso):</i>	
<ul style="list-style-type: none"> - Economía - Grego I - Historia do Mundo Contemporáneo - Literatura Universal - Economía da Empresa - Grego II - Xeografía - Historia da Arte - Historia da Filosofía 			<ul style="list-style-type: none"> - Bioloxía e Xeoloxía - Debuxo Técnico I - Física e Química - Bioloxía - Debuxo Técnico II - Química - Física - Xeoloxía 		<ul style="list-style-type: none"> - Cultura Audiovisual I - Historia do Mundo Contemporáneo - Literatura Universal - Artes Escénicas - Cultura Audiovisual II - Deseño 	

*Agás aquel alumnado que nos anos académicos 2016-2017 e 2017-2018 realizou os estudos do segundo curso de bacharelato, na modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais, e teña superadas as dúas materias de opción do bloque de materias troncais dese curso.

A cualificación do exercicio será en cada caso a media das devanditas materias expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

As persoas que estean en posesión do título profesional de música ou danza terán validado o segundo exercicio na modalidade de Artes. A súa cualificación será a media aritmética das materias dos cursos 5º e 6º das ditas ensinanzas na correspondente especialidade, redondeada a números enteiros co mesmo criterio expresado nos puntos anteriores. No caso do alumnado que acceda directamente a 6º curso das ensinanzas profesionais de música e danza, para o cálculo da nota media serán consideradas as cualificacións das materias do dito curso.

As persoas que teñan superadas seis materias de modalidade do bacharelato regulado no Decreto 231/2002, do 6 de xuño, ou do bacharelato regulado no Decreto 275/1994, de 29 de xullo, terán validado o segundo exercicio, sempre e cando entre esas materias se atopen Matemáticas I e II para a modalidade de Ciencias, as materias Latín I e II ou Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I e II, segundo o itinerario escollido, para a modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais e as materias de Fundamentos da Arte I e II para modalidade de Artes. Cando exista un cambio de denominación das materias cursadas aplicaranse os cadros de correspondencias de materias incluídos no anexo da Orde EDU/2395/2009, do 9 de setembro (BOE do 12 de setembro), e no anexo da Orde ECD/462/2016, do 31 de marzo (BOE do 5 de abril). Nestes casos, a cualificación do exercicio será a media das devanditas materias expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

O alumnado que accedese directamente ao segundo de bacharelato por ter superados estudos equivalentes para efectos académicos ao primeiro de bacharelato e tivese superadas as materias Lingua Galega e Literatura II, Lingua Castelá e Literatura II, Primeira Lingua Estranxeira II e Historia de España terán validado o primeiro exercicio. Neste caso, a cualificación do exercicio será a media das devanditas materias expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

Cando o alumnado referido no punto anterior tivese superadas no segundo curso de bacharelato a materia xeral do bloque de materias troncais propia e dúas materias de opción do bloque de materias troncais da modalidade e itinerario elixidos terá validado o segundo exercicio. Neste caso, a cualificación do exercicio será a media das devanditas materias expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

O alumnado que validase o segundo exercicio por estar en posesión do título profesional de música ou danza será proposto para a obtención do título de bacharel pola modalidade de Artes.

As persoas aspirantes que teñan participado en convocatorias anteriores da proba poderán validar os exercicios superados con anterioridade mantendo a correspondente cualificación.

Que valor teñen as cualificacións obtidas nesta proba

As persoas aspirantes que superen a proba serán propostas para a obtención do título de bacharel na modalidade correspondente ás materias das que realicen a proba ou na modalidade correspondente ás materias da modalidade validada.

Todas as persoas que participen na proba e superen algún exercicio recibirán unha certificación dos resultados deste.

No caso de non ter superada a proba, as persoas candidatas manterán para as sucesivas convocatorias a cualificación do exercicio ou exercicios aprobados.

4 Contidos da proba

Os contidos dos exercicios terán como referente os aspectos básicos do currículo recollido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29 de xuño).

5 Publicación dos resultados e reclamacións

Logo de avaliada a proba o tribunal fará pública a lista provisional das persoas avaliadas coas cualificacións positivas, por exercicios, que será accesible no portal educativo da Xunta de Galicia, no enderezo <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/1238>.

En caso de discrepancia coa cualificación provisional a persoa aspirante poderá presentar unha reclamación por escrito dirixida á presidencia do tribunal nos tres días hábiles posteriores á publicación das cualificacións, explicando o motivo da reclamación.

A reclamación presentarse na secretaría do centro onde se realizou a proba ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do



procedemento administrativo común. Ademais, poderase adiantar o envío por correo electrónico ao enderezo educadultos@edu.xunta.gal.

Transcorrido o prazo de reclamacións, publicarase a listaxe coas cualificacións definitivas no portal educativo da Xunta de Galicia, no enderezo <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/1238>.

Contra a resolución do tribunal poderase interpoñer no prazo dun mes recurso de alzada ante a xefatura territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que esgotará a vía administrativa.

6 Máis información

Para maior información poden dirixirse a:

Asesoría de Aprendizaxe Permanente.

Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial e Aprendizaxe Permanente.

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Xunta de Galicia.

Correo electrónico: educadultos@edu.xunta.es.

Teléfono 981 546549 / 981 540 289.